As 7 Parroquias
A REVISTA DO CONCELLO DE CEDEIRA
Febreiro de MMXX- Número 14

Cedeira mobilízase para pedir atención pediátrica

A mobilización en demanda da restitución do servizo de pediatría superou todas as previsións. Foron máis de mil, segundo a plataforma "En Cedeira, pediatra Xa", as persoas que tomaron parte nunha convocatoria que trasladou ás rúas de Cedeira unha petición unánime e social aos berros de "Cedeira unida xamais será vencida" e "Pagamos impostos, queremos servizos", entre outros. O goberno municipal secundou coa súa presenza unha iniciativa que rematou na praza Roxa coa lectura dun manifesto. Esixir os dereitos dos menores a recibir unha atención pediátrica de calidade en Cedeira e intensificar as accións ata asegurar a reclamada prestación médica, "que é irrenunciable", son algunhas das liñas de actuación dun movemento social imparable. Segue na páx. 5

Concello e Confraría esixen unha nova fábrica de xeo

Os gastos ocasionados por unha fábrica de xeo obsoleta -entre consumo elétrico e averías- está a poñer en risco a continuidade da Confraría de Cedeira. Coa intención de garantir a súa permanencia, que pasa para a construción dunha nova fábrica, a conselleira do Mar, Rosa Quintana Carballo, recibiu hai uns días ao alcalde, Pablo Moreda Gil, e ao patrón maior, Roberto González. Da reunión saiu un acordo de colaboración entre as tres partes para a execución da obra, así como un recoñecemento, por parte de Quintana, da necesidade dunha nova fábrica para acabar co gasto anual de 170.000 euros que agora está a asumir a Confraría de Cedeira. Segue na páx. 6

sumario

» O Concello mellorou con asfaltados máis de dous quilómetros de camiños. Páx. 2

» O POS deixará no municipio medio millón de euros en investimentos. Páx. 3

» Presentación en Fitur do vídeo promocional do Xeoparque Cabo Ortegal. Páx. 3

» O executivo avanza nas negociacións para ampliar o centro de saúde. Páx. 4

» A titular de Política Social, Soraya García Martínez, inaugurou a escola infantil. Páx. 4

» O goberno acada un acordo con Xunta e Deputación para financiar o centro de día. Páx. 4

O Concello segue a mellorar a rede viaria municipal

Cun investimento superior aos 53.000 euros, o Concello de Cedeira segue a mellorar algo máis de 2.605 metros da rede viaria municipal. A devandita cantidade corresponde ás obras levadas a cabo nos camiños Piñeiro, A Pereira-Casal de María, A Pasada e Os Edreiros que, financiadas con cargo aos Fondos Feder, consistiron principalmente na limpeza de gabias, en tratamentos semiprofundos e na aplicación dunha capa de macadam de 15 centímetros en naqueles tramos que se atopaban en peores condicións. Trátase, segundo o goberno, de mellorar os camiños públicos para garantir a seguridade viaria e favorecer a comunicación dentro do territorio.

Con esa finalidade, no caso dos viais de Piñeiro, A Pereira-Casal de María e Os Edreiros, o proxecto deu homoxeneidade a todas superficies coa aplicación de rego asfáltico e selado mentres que, no camiño da Pasada, a intervención realizada consistiu na substitución do macadam por tratamento asfáltico e a zahorra por unha capa de 15 centímetros de macadam e os regos correspondentes nun tramo de 450 metros de lonxitude.

O polideportivo municipal xa é accesible para todos e todas



O elevador está en servizo

Xa está en funcionamento o elevador de escaleiras que o Concello instalou no polideportivo para permitir o acceso ás bancadas a aquelas persoas con dificultade de mobilidade. A obra, executada pola empresa Soluciones Técnicas Nexoted, supuxo un investimento de 14.450 euros e forma parte das accións do executivo local para facer de Cedeira unha poboación de referencia en todo o relacionado coa mobilidade, xa sexan obras ou actividades.

Unha estrutura elevada resgarda ao alumnado do CEIP da choiva e vento

Unha estrutura cuberta de 15 metros de longo instalada polo Concello na zona de acceso ao colexio Nicolás del Río resgarda ao alumnado das inclemencias do tempo, tanto á entrada como a saída das clases, e converte asi mesmo un lugar de tránsito nunha posible zona de xogos. O Concello financiou unha obra que xa está rematada e que supuxo un investimento de 11.600 euros. A intervención correu a cargo de Talleres Metálicos Luciano.

O investimento superou os 11.000 euros

A biblioteca municipal López Cortón loce un aspecto renovado

O edificio mantén os seus cores característicos: branco e amarelo

O goberno municipal invisteu 6.600 euros en mellorar o aspecto exterior da biblioteca municipal co lavado das paredes e con varias mans de pinturas de imprimación e impermeabilizante para contribuír á posta en valor do casco vello. Esta intervención súmase ás realizadas con anterioridade e que supuxeron desde a renovación das salas ata a instalación dun ascensor para eliminar as barreiras arquitectónicas nun edificio que no seu día acolleu o Concello.

O POS deixará no municipio máis de 500.000 euros en investimentos

Transformar un lugar de encontro de persoas maiores nunha praza moderna e con espazos cubertos é o obxectivo co que o goberno muncipal proxectou a renovación integral da praza 18 de Decembro, antes coñecida como "Dos Cabalos". Trátase dunha intervención ambiciosa para a que o Concello de Cedeira conta coa axuda económica da Deputación da Coruña, a través do Plan de Obras e Servizos.

A actuación consistirá na reorganización das diferentes zonas, que suman un total de 585 m², así como na instalación dunha estrutura cuberta, a dotación dun novo mobiliario urbano e a substitución da actual iluminación por outra de tipo LED e o cambio no pavimento. As papeleiras serán selectivas e os bancos de madeira, e renovaranse ademais as zonas verdes, aínda que non se contempla a substitución dos catro magnolios. Os pavimentos da zona peonil serán de granito e, en certos tramos, táctiles para o uso de persoas con discapacidade visual. A idea tamén é facer un espazo urbano accesible e protexido para que sirva de lugar de encontro interxeneracional.

Pero esta non será a única obra que o goberno local executará con cargo ao POS 2020 -cuxo investimento supera os 565.000 euros- xa que no devandito plan foron incluídas a instalación dun total de 912 lámpadas LED nas sete parroquias do termo municipal para apostar por unha maior vida útil e menor consumo e contaminación; a renovación do pavimento da praza Roxa por atoparse en malas condicións; a reparación da cuberta dos escolares de Saa e Sisalde Maior e a substitución do chan da parte vella do cemiterio municipal para contribuír á conservación do camposanto. Desde o executivo destácase a importancia dun plan que "axuda a cubrir as nosas necesidades pero tamén a construír unha Cedeira mellor".

"Cedeira Informa", un servizo de WhatsApp de carácter municipal

Cedeira Informa é un servizo municipal, vía WhatsApp, para manter informada a cidadanía das novidades da axenda municipal.

Para recibir mensaxes hai que gardar na lista de contactos o número 604 024 266 co nome de "Cedeira Informa" e enviar a mensaxe "alta información Concello de Cedeira". A continuación, ao teléfono da persoa solicitante chegará unha confirmación de alta no servizo e a partir dese momento comezará a recibir as novas que poidan ser do seu interese.

O Xeoparque do Cabo Ortegal sorprende en Fitur

A presentación dun vídeo promocional do Xeoparque do Cabo Ortegal na recentemente clausura da feira de Fitur deixou moi bo sabor de boca entre o público asistente, así como entre os representantes políticos dos sete municipios que se atopan detrás do proxecto.

O Concello estivo representado polo alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, que puido comprobar personalmente o interese que a iniciativa está a despertar entre empresas do sector. Hai uns días, o pleno da corporación municipal tamén aprobaba os estatutos polos que se rexirá a asociación que xestionará o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

A conselleira e o alcalde inauguran a escola infantil

Antes de rematar o ano, Cedeira recibiu a visita da titular da Consellería de Política Social, Fabiola García Martínez, para coñecer sobre o terreo o resultado dos 141.000 euros investidos na ampliación da escola infantil entre a Xunta e o Concello. Con presenza da responsable da Xunta deronse por inauguradas as novas instalacións.

A conselleira -que estivo acompañada do Xerente do Consorcio Galego de Servizos e Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, e que foi recibida polo alcalde, Pablo Moreda Gil, entre outros membros da corporación municipal- percorreu as instalacións, pedía información sobre o funcionamento do servizo e mantivo contacto directo cos 49 nenos/as que a diario acuden á escola infantil e cuxa matrícula acaba de incrementarse coa incorporación de oito alumnos máis. A escola, na que actualmente están a traballar 12 persoas, conta con aulas para nenos e nenas de diferentes idades (de cero a tres anos), dispón de servizo de comedor e de baños adaptados para o uso dos máis pequenos, así como un parque con xogos infantís que se atopa no exterior, na fachada principal do inmoble.

Xunta e Deputación, comprometidos co centro de día

O goberno local segue a dar pasos adiante cara á construción dun centro de día con capacidade para máis de 25 dependentes. O último avance chegou da man do presidente da Deputación, Valentín González Formoso, quen nunha reunión mantida co rexedor, Pablo Moreda Gil, mostrou a súa disposición a participar nun convenio a tres bandas coa Xunta e o Concello para dotar á localidade dun centro de día. A contribución económica do Concello á obra foi unha cuestión que previamente o alcalde xa había abordado coa conselleira de Política Social durante a súa visita ao municipio. A resposta da representante da Xunta foi de apoio ao ofrecemento plantexado polo Concello para garantir a realización dun proxecto que deu lugar á recollida de máis de 2.500 sinaturas.

Salas de rehabilitación, un gran salón comedor e cociña son algúns dos servizos que se sopesan para un edificio de nova construción nun solar de propiedade municipal.

Cedeira avanza nas negociacións para ampliar o centro de saúde da localidade

O concello de Cedeira acaba de remitir á directora xeral de Recursos Económicos do Sergas, María Jesús Piñeiro Bello, a documentación relativa á cesión da parcela necesaria para a ampliación do centro de saúde, así como un anteproxecto da obra en cuestión. Estas accións, xunto coa petición de que envíe a técnicos para inspeccionar o espazo que se pon a disposición da Consellería, son as iniciativas adoptadas polo executivo local despois da última reunión que o rexedor municipal, Pablo Moreda Gil, mantivo co xerente da área Sanitaria de Ferrol, Ángel Facio Villanueva, persoa na que o goberno de Cedeira sempre atopou un magnífico interlocutor á hora de facer valer as súas demandas con respecto ao centro médico. As peticións do executivo local pasan tanto pola incorporación de novos servizos -rehabilitación, fisioterapia e adontoloxía, son algúns deles- como por ampliar as instalacións para que o área de pediatría teña sala propia, para mellorar o servizo de urxencias ou para dispoñer dunha sala de reunións, entre outras necesidades.

O goberno de Cedeira considera que estas peticións son xustas e necesarias para ofrecer un servizo sanitario de calidade aos veciños/as e mesmo ás persoas que teñen na vila unha segunda vivenda.

Máis dun milleiro de persoas sairon á rúa para esixir atención pediátrica Xa!

Axa coñecida como a "revolta dos chupetes" reuniu o pasado día 16 de febreiro a máis dun milleiro de persoas nunha das manifestacións máis numerosas das que se recordan na localidade.

As consignas "Cedeira unida xamais será vencida", "En Cedeira, pediatra xa" e "Pagamos impostos, queremos servizos" poideronse escoitar por unhas rúas ateigadas de veciñas/os que reclamaban a restauración do servizo de pediatría "porque non imos permitir que se xogue coa saúde das nosas fillas e fillos".

A convocatoria partiu da plataforma cidadá "En cedeira pediatra XA" e contou co apoio explícito do goberno municipal (PSOE) e tamén do BNG.

No manifesto co que rematou o acto na praza Roxa destacouse que a restitución da atención padiátrica é irrenunciable, que existe a intención de intensificar as accións se segue a vulverarse o dereito á saúde das nenas/os da vila e que o camiño de loita iniciado está participado polo conxunto da cidadanía local. Desde o pasado mes de xaneiro Cedeira carece de atención pediátrica, o que está a obrigar aos pais e nais a desprazarse a Valdoviño ou Ferrol para as revisións periódicas dos bebés, vacinas, consultas ou incluso urxencias. Esta situación, que o executivo local calificou de "precariedade", deu lugar inicialmente a unha campaña de recollida de firmas, que aínda está activa, e á aprobación no último pleno nunha moción secundando as reivindicacións dos proxenitores por considerar que a súa petición tamén leva implícita a perda de calidade do servizo público de sanidade.

O xacemento do Sarridal ten futuro

"Polo que representa de historia e de futuro para o municipio de Cedeira", o goberno local atopou en Patrimonio da Xunta o compromiso que garante a continuidade dos traballos no castro Sarridal con novas actuacións. O Concello, que xa tiña previsto acometer este ano a consolidación da muralla e un peche perimetral, asinará un convenio coa Xunta que implica axuda técnica e financiera para poñer en valor unha riqueza patrimonial que "é de gran relevancia tanto para o presente como o futuro de Cedeira", tal e como apuntou o alcalde, Pablo Moreda Gil. Estas declaracións fíxoas o rexedor ao termo da reunión que mantivo coa directora xeral de Patrimonio, Carmen Martínez Insua, e na que tamén se atopaba a concelleira do BNG, María Xosé Rodríguez, que tamén participa no desenvolvemento da proxec.

Un plan de mobilidade sostible para a vila

O goberno de Cedeira está a promover un plan de mobilidade para "acadar un modelo de vila onde a veciñanza realice os seus desprazamentos de xeito sustentable e seguro".

A iniciativa foi sometida á consideración do pleno, no que resultou aprobada inicialmente. Con ese acordo abrirase un período de consulta pública durante un prazo de trinta días, que comezará a contar a partir da publicación do anuncio no BOP. O equipo de goberno busca así a complicidade dos veciños/as para saber si as medidas contempladas axústanse ás necesidades que en materia de mobilidade existen en Cedeira. Ademais de poñer o expediente a disposición da veciñanza, esta tamén poderá presentar as suxerencias e alegacións que estimen oportunas. De non existir, o Plan quedaría definitivamente aprobado.

Mar recoñece a necesidade dunha nova fábrica de xeo

A conselleira do Mar, Rosa Quintana Carballo, recoñeceu a necesidade de contar cunha fábrica de xeo para garantir a viabilidade da confraría local, ademais de brindar a súa colaboración á hora de materializar ese proxecto de nova construción.

É o resultado do encontro que levou ao alcalde, Pablo Moreda, e a o patrón maior, Roberto Gónzalez, a reunirse en Santiago coa titular da Consellería para explicarlle persoalmente as dificultades económicas que está a atravesar o pósito como consecuencia dun gasto anual, que pode alcanzar os 170.000 euros, polo elevado consumo e as continuas avarías da fábrica actual.

Da reunión tamén sairon outras medidas, que pasan pola colaboración das tres partes implicadas para a realización da obra. Así, o Concello de Cedeira contribuirá coa compra de propiedades do pósito, mentres que este buscará financiamento para o gasto enerxético a través das axuda da propia Consellería. Mar, pola súa banda, farase cargo do estudio para que a nova fábrica de xeo se axuste ás necesidades reais.

Urxen á Xunta a que asuma o custo real da axuda no fogar

A corporación de Cedeira insta á Xunta e máis ao Estado a que asuman o custo real da competencia de axuda no fogar, "que lles é propia" e que está asfixiar ás administracións locais con prezos/hora que, como no caso da Xunta, levan sen actualizar desde o 2008. Este asunto foi tratado na última sesión plenaria de Cedeira e resultou aprobado por unanimidade. Na moción presentada polo goberno se urxe á Xunta a negociar cos concellos un sistema de financiamento "xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020", ao tempo que se fai constar que nestes momentos os concellos vense na obriga de actualizar as licitacións para a prestación do servicio que van desde os 16€/hora ata case os 23 cando a Xunta aporta 9,70 euros e a Deputación 12. Outra posible saída podería ser dotar aos Concellos de diñeiro suficiente para afrontar os gastos.

Cedeira súmase ao Pacto de Alcaldes

Cedeira acaba de aprobar a adhesión do Concello ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors Climate&Energy), polo que a administración local se compromete a mellorar a eficiencia enerxética, a reducir as emisións de CO_2 e a aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Na actualidade, o 10% do consumo eléctrico do municipio ten a súa orixe nas enerxías renovables e entre os obxectivos nesta materia do executivo local está estender a medida a totalidade da iluminaciòn pública antes de que remate este ano.

A participación de Cedeira no Pacto de Alcaldes obriga ao Concello a redactar un plan de acción para facer un seguimento das medidas adaptadas e avaliar os riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático. Os compromisos dos concellos pasan por facer propio os obxectivos da UE para o ano 2030, que consisten en reducir as emisións de CO_2 en, polo menos, un 40% e nun maior uso das enerxías renovables.

Esixen máis carga de traballo para Navantia

O Concello de Cedeira mostrou o seu apoio as reivindicacións dos traballadores de Navantia, no que se refire á solicitude de carga de traballo. O executivo sumouse así ás demandas do persoal, que pasan principalmente pola construción dun novo AAOR para a Armada a fin de garantir emprego para 32 meses suplindo deste xeito o período de inactividade previsto para o centro de Ferrol. Os estaleiros da ría xeran uns 2.000 empregos directos e máis de 10.000 de carácter indirectos.

18 de Decembro, unha praza para a memoria colectiva de Cedeira

Manuel Fernández Freijeiro, militar retirado e alcalde de Cedeira no ano 1936; José Cipriano Durán Fraguela, labrador e segundo tenente de alcalde; José Lago Beceiro, labrador e concelleiro; Miguel Fernández Santos, funcionario de Correos; Isaac Forneiro Varandela, mestre e empregado de banca; Enrique Martínez Teijeiro, condutor de autobús; Francisco Rodríguez, barbeiro e músico; Ginés Fernández Rodríguez, estudante, e Antonio Iglesias Freire e Adolfo Bouzón Teijeiro, mariñeiros. Son os nomes dos veciños que o Concello recuperou para a memoria colectiva do pobo cedeirense bautizando como praza do 18 de Decembro a que antes era coñecida como a dos Cabalos.

Na devandita data de 1936 todos eles, xunto ao veciño do concello de Cabanas Antonio Ameneiro Brage, foron executados no castelo de San Felipe por rebelión militar.



Unha antiga imaxe do Concello de Cedeira e un panel explicativo sirven de recordo e homenaxe "a unha xente humilde que loitou e defendeu ata coa súa propia vida a democracia", segundo apuntou o alcalde, Pablo Moreda Gil, no discurso que pronunciu con motivo da inauguración do monumento-homenaxe.

O acto celebrouse o día 22 do pasado mes de decembro e no mesmo tomaron parte, ademais de representantes municipais e veciños, membros das asociacións de Cedeira e Ferrol da Memoria Histórica Democrática, promotoras dunha iniciativa de desagravio contra a ignominia dunha sentenza coa que se intenta xustificar "o criminal fusilamento de xente de paz".

A Concellería de Cultura aposta polo teatro

O auditorio municipal de Cedeira, pertecente á Rede Galega de Teatros e Auditorios, acolle durante este semestre unha programación dunha alta calidade, a través do convenio asinado coa AGADIC (Axencia Galega de Industrias Culturais).

A temporada comezou con dúas actrices nos escenarios de Cedeira representando a peza "Dúas donas que bailan" -de Teatro Atlántico- o pasado 18 de xaneiro, e continuou o día 1 de febreiro con outra obra. Desta volta foi a peza de Jen Silverman, coproducida co CDG, "A compañeira de piso", que protagonizan Rebeca Montero e Patricia Vázquez. Supón estrear na dirección a Belén Pichel acompañada polo director Cándido Pazó, pasamos un divertido rato nesta mestura de Thelma e Louise con Breaking Bad.

A oferta completarase nos meses de marzo, abril e maio co Teatro da Ramboia, que achegará a peza gañadora do certame Manuel María de proxectos teatrais "O meu mundo non é deste reino"; a maxia da danza tradicional e contemporánea de Fran Sieira con dúas das voces máis destacadas do floclore galego -Aída Tarrío e Xisco Feijóo- no espectáculo "Entresoños" e os espectáculos infantís de Galitoon "The Show Moscón" de Xanela de Maxín "A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza" e a peza de Carvalho Calero, homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas, "As pitas baixo a choiva" da man de Ghazafelhos.

O Club Natación Cedeira, o éxito e o compromiso de moita xente

Dicir Cedeira tamén é dicir natación, atletismo e triatlón. Son as tres modalidades deportivas que a nivel local están no ADN do Club Natación Cedeira, unha entidade con case 30 anos de experiencia no eido deportivo e cunha idea común que pasa pola formación integral do deportista.

Esta filosofía é compartida tanto polos pais e nais dos 109 rapazas e rapaces maiores de 5 anos vinculados ao club como polos tres profesionais que integran a súa estrutura deportiva. Xan Suárez, como director deportivo, marca as liñas a seguir e fixa os obxectivos xerais e específicos, mentres que as monitoras Sonia e Paula Nebril Nebril preocúpanse da súa evolución.

E os resultados veñen demostrar que ningún deles se está a equivocar, a dicir dos logros acadados por un club presente en case 30 competicións e con deportistas nas selección galegas nas tres modalidades deportivas.

Manuel Rivero, Lucía Sánchez, Juan Pérez e Pablo Pérez están entre a elite da natación galega, mentres que Damián Suárez, Lucas Riola, Samuel Sánchez, Damián Formoso, Iago Ortiz e Inés Serantes o son en triatlón e duatlón, e Damián Suárez, Pablo Moreda, Alberto Rodríguez, Lucas Riola, Samuel Sánchez e Damián Formoso fan o propio no que respecta ao atletismo.

Todo eles, ademais de representar a Cedeira, obteñen importantes recoñecementos para un club modesto

pero comprometido en educar ás nenas e nenos a través da actividade deportiva.

Xan Suárez, como presidente da entidade e licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, además de diplomado en Educación Física e especialista no proceso de ensino e aprendizaxe deportiva, o ten claro: "queremos a nenas e nenos contentos, que teñan motivación para adestrar e aprender e que adquiran valores de esforzo, respecto, cooperación e igualdade, entre outros. Nós, como entidade, estamos dispostos a poñer as ferramentas que sexan necesarias para que os nadadores ou atletas consigan habilidades sociais e deportivas e gocen ademais co proceso educativo e formativo".

Para que así sexa o Club Natación Cedeira, que naceu no 1993, ten entre os seus obxectivos máis inmediatos incrementar o número de nenos/as, mellorar resultados e crear equipos para competir en campionatos nacionais e autonómicos, e fixa novos horizontes para seguir crecendo e mellorando uns resultados que xa son altamente satisfactorios. Entre estas metas as máis urxentes son dispoñer dun local máis amplo e incrementar a iluminación no campo de adestramento (antigo campo de fútbol), mentres que a medio e máis longo prazo contémplanse a compra de material deportivo, aumentar nunha hora o uso da piscina e dispoñer dunha pista de atletismo, "onde a xente poida practicar deporte e onde os clubs poidamos levar a cabo a nosa labor da mellor forma posible", explicou o presidente.

Suárez destacou así mesmo o importante que é para a entidade contar coa axuda tanto do Concello como dos patrocinadores -Muebles e Carpintería García, Decobaño e A Taberna Jojó- para o funcionamento e os éxitos deportivos acadados. "Estaremoslles eternamente agradecidos, porque tanto a administración como os colaboradores sempre tratan de aportar o máximo posible".

No apartado dos recoñecementos, o club recorda a Jesús Foces como alma máter dunha entidade que ten a súa orixe no Club Natación Ferrol e recoñece así mesmo o labor e compromiso demostrados por anteriores directivas e adestradores, así como a complicidade que existe cos pais e nais dos deportistas, dos que un 45% son nenas.

Así, o Club Natación Cedeira é o resultado do traballo e o compromiso de moita xente para que o deporte sexa esa magnífica ferramenta coa contribuír á educación e formacións dos menores.

IMPRIME: CONCELLO DE CEDEIRA